

INFORMACIÓN BÁSICA PARA AS ENTIDADES SOLICITANTES

OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

- **Adquisición de equipamento deportivo inventariable** (entendendo por tal o ben moble non funxible, é dicir, aquel do que se pode facer uso sen que se consuma polo uso normal para o que está destinado), para ser **destinado á participación en competicións deportivas oficiais ou á realización de adestramentos para deporte adaptado**. Non será subvencionable equipamento deportivo de carácter xenérico que non sexa específico para a práctica de deporte adaptado.

CRÉDITO TOTAL E IMPORTE DA SUBVENCIÓN POR ENTIDADE

- O crédito orzamentario para financiar estas axudas é de **226.754 €**
- A subvención por entidade será do 80% do gasto orzamentado subvencionable; o 20% restante será achegado pola entidade, cos seguintes límites:
 - O gasto mínimo subvencionable son 1.000 €, dos cales a entidade beneficiaria achegará 200 €.
 - O importe total da axuda a conceder non poderá superar a cantidade máxima de 5.000,00 € por entidade beneficiaria.

QUEN PODE SOLICITAR

Os clubs deportivos galegos que:

- Que na tempada 2022/2023 ou 2023 contén con licencias de deportistas con discapacidade. A data límite de contabilización das licencias será a da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- Estean inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia na data de publicación da convocatoria

NON poderán obter a condición de beneficiarios destas subvencións as entidades que:

- Non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia, no momento da solicitude.
- Estean incursas nalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade debe estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT, a Seguridade Social e a Atriga.

PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- **Prazo:** do **27.04.2023 ao 26.05.2023**.
- **Forma:** as solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>, procedemento DE401B, achegando a seguinte documentación:
- **Documentación dispoñible na sede electrónica:**
 - **Anexo II de solicitude** (cúbrese directamente na sede logo de premer en “Tramitar en Liña”).
 - **Anexo III: Certificación** do órgano colexiado competente da entidade deportiva. **Importante:** especificar data e órgano colexiado de goberno da entidade que adopta o acordo (exemplo: xunta directiva, asemblea, consello de administración etc.) e sinatura de quen certifica. Dito acordo deberá estar adoptado entre o 27.04.2023 e o 26.05.2023, e deberá expresar todos os equipamentos que integran a solicitude, que deberán de ser os consignados no anexo II, o orzamento de cada equipamento, así como o orzamento total. Os importes dos orzamentos parciais e total deberán incluír o IVE.
 - **Anexo IV: Memoria** deportiva e xustificativa da necesidade dos equipamentos para os cales se solicita a subvención, asinada polo/a representante da entidade deportiva
 - **Anexo IX: Acreditación** da representación, de ser o caso.
- **Outra documentación a presentar pero non dispoñible na sede** (débase descargar da web da SXD: <https://deporte.xunta.gal/gl/convocatorias/de401b-subvencions-clubs-para-adquisicion-de-equipamentos-deportivos-para-deporte-adaptado>)
 - **Anexo X:** Aceptación da cesión de datos entre as Administracións implicadas.
 - **Anexo XI:** Declaración responsable relativa ao cumprimento de cumprimento dos principios transversais establecidos no plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

PERÍODO DE ADQUISICIÓN E PAGAMENTO DO EQUIPAMENTO

As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado (adquisición do equipamento subvencionado) e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados **ata o 1 de setembro de 2023**.

Poderase realizar o pagamento do 100 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, segundo o **Anexo V**, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación expresa desta. A solicitude de pagamento anticipado poderá remitirse ata o prazo dos seguintes 10 días ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución de concesión das subvencións.

No caso que non se solicite o pagamento anticipado, a solicitude de pagamento efectuarase empregando o Anexo VI. A xustificación da subvención efectuarase segundo se indica na base 25ª das bases reguladoras.

SOBRE A INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO E A RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS

1º

Publicación no DOG da convocatoria e **presentación de solicitudes**

(1 mes de prazo para presentar solicitudes do 27.04.2023 ata o 26.05.2023)



2º

Rematado o prazo de solicitudes e, unha vez revisadas, publicarase no DOG e na páxina web da SXD

a **relación de solicitudes admitidas, as suxeitas a emenda e as inadmitidas**

(10 días hábiles de prazo para emendar erros ou achegar documentación)



3º

Rematado o prazo de alegacións, procederase á **valoración das solicitudes pola Comisión de valoración**, en aplicación dos criterios de valoración previstos na base 16ª das bases reguladoras, e a **publicación da proposta de resolución provisional** das solicitudes, de acordo coa base 17ª.3 da convocatoria, na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte (<https://deporte.xunta.gal>), aos efectos de que os interesados poidan presentar alegacións nun prazo de dez días a partir do día seguinte ao da publicación.



4º

Valoración das alegacións presentadas e **publicación no DOG e na páxina da SXD da resolución definitiva** coas subvencións concedidas, as solicitudes denegadas por non acadar a puntuación mínima (que pasan a lista de espera, no caso de renuncias) e as solicitudes inadmitidas.



5º

Comunicación á SXD da **aceptación expresa da subvención** concedida e, no seu caso, presentación da **solicitude de pagamento anticipado (anexo V)**,
dentro do prazo dos 10 días seguintes aos da publicación da resolución definitiva no DOG.



6º

Presentación da documentación xustificativa da subvención (base 25ª), e, no seu caso,
solicitude de pagamento (anexo VI), ata o día 01.09.2023

CONTACTO: Subdirección Xeral de Plans e Programas.

• Enderezo electrónico: subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal

• Teléfonos: 881 996361 / 37 / 64 / 60